

O AUTOESTOPISTA

[Ida Lupino, 1953]

264

PROYECCIONS EN NUMAX: 25 de xullo, 3 e 9 de agosto | V.O.S.E.

The Hitch-Hiker (1953, 71')

Dirección: Ida Lupino

Guión: Ida Lupino, Collier Young

Elenco: Edmond O'Brien, Frank Lovejoy, William Talman, José Torvay, Sam Hayes, Wendell Niles, Jean Del Val, Clark Howat, Natividad Vacío

Son: Roy Meadows, Clem Portman

Dirección de arte: Albert S. D'Agostino, Walter E. Keller

Montaxe: Douglas Stewart

Fotografía: Nicholas Musuraca

Música: Douglas Stewart

Produtoras: RKO, The Filmmakers (Estados Unidos)

Distribuidora: Penteo Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Seleccionada polo National Film Preservation Board en 1998

FILMOGRAFÍA

Ángeles rebeldes, 1966

Boris Karloff presenta, 1960 [TV]

El bigamo, 1953

Hard, Fast and Beautiful, 1951

Ultraje, 1950

Never Fear, 1949

Not Wanted, 1949 [con Elmer Clifton]

SINOPSE

Roy Collins e Gilbert Bowen deixan atrás a gran cidade para dirixirse por estrada a México. A varios kilómetros da fronteira Roy acepta a proposición do seu compañeiro para levar no asento de atrás a un autoestopista chamado Emmett Myers. Da cordialidade inicial pásase a un estado de tensión crecente cando Roy e Gilbert se dan de conta que se encontran ante un psicópata que está a sementar o pánico entre os condutores deste tramo fronteirizo.

«Thriller exemplar, seco, inquietante e vigoroso, unha desas xoias esculpidas nas máis profundas trincheiras da serie B made in RKO»

Rubén Redondo, CINE MALDITO



* NOCTURAMA *

“Ida Lupino desmonta o mito do home branco heterosexual nos EEUU”

Por *Therese Grisham & Julie Grossman*

A comezos de 1951 Ida Lupino entrou en contacto con Forrest Damron un dos cazadores que viña de ser raptado polo famoso asasino en serie William Billy Cook. O asasino conduciu aos dous homes nunha terrorífica excursión a través de California para cruzar a fronteira de México en Santa Rosalia, antes de seren capturados polas autoridades mexicanas. Cook foi extraditado a California onde foi sentenciado a morte.

En 1952, a produtora fundada por Lupino, The Filmmakers, emprendeu o proxecto de rodar un filme sobre o lendario asasino. Para a directora era especialmente importante centrarse neste filme en personaxes masculinos dado que nos seus filmes anteriores os guións estaban protagonizados por mulleres. Tal e como ten sinalado a crítica Karen Mahar, «Lupino tivo moito tino de non repetir o feito por Dorothy Arzner, a primeira cineasta muller dos estudos de Hollywood. Arzner traballou sempre tentando demostrar a súa competencia, un esforzo que en moitos casos a levou a non asumir riscos artísticos». Estas consideracións teñen relevancia se temos en conta o coidadoso traballo

desenvolvido por Lupino para preservar a súa independencia creativa no sistema hollywoodense.

No proceso de gravación d’*O autoestopista* Lupino decide visitar a Cook á prisión de San Quentin: «Quería ver a Billy Cook e dicirlle que quería facer un filme sobre el. Conteí co permiso especial do FBI e entrei en San Quentin baixo estritas medidas de seguridade. A prisión pareceume fría, escura e claustrofóbica. De feito na miña produtora dicíame que non fora, que non era segura. Billy permaneceu en todo momento frío e distante e dábame algo de medo, tiña as palabras *Mala sorte* tatuadas nos dedos da súa man esquerda e unha deformación no ollo dereito que lle impedían pechalo completamente».

Tentando poñer en relación o personaxe de Cook coa vida real en América, Lupino ofrece un relato con liñas de acción moi obvias acompañadas doutras escenas con significados máis ocultos, que achegan unha clara mensaxe de que o terror que se ve n’*O autoestopista* non é unha fantasía gótica, se non froito da atmosfera postbélica en América. Tal e como sinala a crítica Audrey Foster «a patoloxía do protagonista procede do consenso forzado e o conservadurismo dos anos 50. Desenvolveu unha personalidade brutal na busca da súa supervivencia. O filme defínese como un amplo retrato da Norteamérica de postguerra, un país que celebraba os avances en armamento nuclear, obsesionado co pracer do consumo e que coidaba que o resto do mundo lle pertencía e podía coller o que fora de

calquera parte. Non hai dúbida de que Ida Lupino desmonta n’*O autoestopista* o mito do home branco heterosexual nos EEUU».

Esa crise cultural da masculinidade achéganos ao lado escuro do soño americano. De novo Foster é quen relaciona o tema do filme cunha sorte de desestabilización dos roles de xénero operado por unha muller cineasta na América dos 50: «Que Lupino sexa quen de acceder ás represións e amosalas abertamente supón un acto de disrupción feminista, especialmente nunha época de represión e listas negras. Mentres moitas mulleres eran domesticadas e sometidas na era Eisenhower dos 50, forzadas a deixaren os seus traballos e volver a casa para converterse en felices amas de casa, Lupino dedicou todas as súas forzas a construír un estudio independente e facer filmes sobre temas tabú como a violación, a polio, a bigamia, os fillos fóra do matrimonio ou unha estraña historia baseada na vida dun asasino en serie nun filme realmente progresista e adiantado ao seu tempo».

Lupino viña de dar a luz á súa filla Bridget pouco antes de iniciar as localizacións d’*O autoestopista*, o que nos lembra a súa resistencia ás convencións de xénero. Mesmo hoxe algunhas mulleres cineastas deciden agochar os seus embarazos, ou incluso os seus fillos, á hora de empregar o seu traballo en Hollywood.

Extracto de *Ida Lupino, Director. Her Art and Resilience in Times of Transition*. Rutgers, 2017
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX